



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo
Xuventude e Promoción da Lingua

TERRAS DE AUGA E CULTURA 2014



O Concello de Lugo desenvolveu no ano 2013 un innovador proxecto de promoción turística da zona rural ao abeiro dunha subvención do Agader que recibiu o nome de “Terras de Auga e Cultura” e que executou en colaboración dos concellos de Rábade e O Corgo.

De xuño a decembro de 2013 celebráronse vinte excursións conducidas por unha guía oficial de turismo que abranguiron distintos itinerarios polas parroquias integradas nas Terras de Auga e Cultura. Estas centráronse especialmente no patrimonio histórico e incluíron visitas imprescindibles como o Templo de Santalla de Bóveda ou a igrexa de San Vicente do Burgo.

Debido ó éxito acadado na primeira edición do programa de visitas guiadas polas Terras de Auga e Cultura, a Concellería de Culturam Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua deseñou un novo programa de excursións a desenvolver ao longo de 2014 que incorpora interesantes novidades.

Para aproveitar ao máximo os recursos turísticos que ofrece a zona rural do Concello de Lugo, este ano introduciranse excursións temáticas que aborden outros ámbitos de interese que caracterizan a fisonomía destes paraxes como son a xeoloxía, a bioloxía e a etnografía, que se suman aos aspectos histórico-artísticos que se abordaron ata agora.

Información de horarios e sistema de inscrición

- Horario das visitas de 10:30 a 19:00 horas de marzo a outubro e de 10:30 a 18:00 horas os meses de horario de inverno.

- O punto de saída e de volta será o tramo peonil da Ronda da Muralla, á altura da Porta de Bispo Aguirre.

- O sistema de inscricións será a través do 010 e da Oficina Municipal de Turismo, con prazo límite para inscribirse fixado ás 14:00 horas do día anterior á celebración da excursión.

- O número de prazas é de 50 persoas.

- As excursións son gratuítas, excepto os menús do xantar que sempre corren a cargo dos participante e calquer outra actividade que poida ser de pago (como as visitas a Marcelle Natureza e Avifauna). Os excursionistas poden levar xantar e auga propios. Ademais, deben levar ropa e calzados cómodos, así como elementos reflectantes pola súa seguridade, pois hai tramos das andainas que se fan por estradas.

- O programa propón un total de 36 excursións a celebrar do 17 de abril ao 28 de decembro de 2014. Serán os domingos e algún festivo de relevancia.

Temáticas das visitas

- Para o deseño do programa deste ano escolléronse catro temáticas relacionadas co agro que permitirán coñecer a turistas e lugueses os aspectos máis relevantes da nosa zona rural e dos concellos veciños. Outra das novidades é que se incorporan aos itinerarios novas parroquias e zonas do concello de Outeiro de Rei, lugares de interese turístico como Marcelle Natureza e Avifauna e obradoiros de artesáns de distintas disciplinas que ensinarán os seus talleres e as súas técnicas de traballo.

- As visitas serán moi participativas, nas de xeoloxía e natureza aprenderanse técnicas básicas de traballo de campo na observación da flora, da fauna e da xeoloxía. Nas de etnografía contaremos con guías como Adolfo de Abel Vilela ou Ricardo Polín.

- O programa estruturase en catro temáticas que se alternan no calendario, polo que aínda que se repitan certos lugares en cada visita abordaranse perspectivas diferentes:

1. - Xeoloxía: viaxe polas parroquias de Terras de Auga e Cultura centradas nas características xeolóxicas que presenta o terreo. Ademais da andaina dirixida e comentada por un

xeólogo, desenvolveranse ao longo da xornada actividades didácticas dirixidas a todos os públicos. O obxecto é que os participantes coñezan os distintos tipos de minerais e rochas que configuran a paisaxe, e os distintos periodos que se poden recoñecer e os distintos usos que se lle da á pedra na terra galega.

2. - Bioloxía: as excursións centradas na natureza abundarán nas características da fauna e da flora, extraordinariamente rica nas parroquias que forman parte de Terras de Auga e Cultura. Estas marchas servirán para que os participantes coñezan os elementos que configuran o medioambiente, e como se van facer ao longo de todo o ano, poderanse apreciar todos os cambios que se producen ao longo das estacións e, sobre todo, servirán para transmitir a responsabilidade de todas as persoas na conservación do medio. Ao igual que as rutas xeolóxicas, estas excursións tamén combinan o sendeirismo con actividades didácticas como estudo da flora autóctona ou avistamento de aves e outras especies de animais.

3.- Antropoloxía e etnografía: estas andainas están centradas en aspectos como a arquitectura tradicional, os usos da terra, a xerarquización do espazo das parroquias, a influencia do home na paisaxe, etc.

4.- Patrimonio histórico-artístico: estas visitas teñen un carácter máis tradicional, serán conducidas por unha guía oficial de turismo que abundará en temas relacionados co patrimonio histórico que se conserva nestas parroquias. Moito deste patrimonio foi identificado no plan de sinalización que se levou a cabo o ano pasado con cargo ao proxecto de “Plan Integral de Promoción Turística da zona rural de Lugo, O Corgo e Rábade”, subvencionado por Agader.

Estas son visitas comentadas pola guía e inclúen andainas polas distintas parroquias e visitas a lugares de interese cultural, como o templo de Santalla de Bóveda e as distintas igrexas rurais.



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo
Xuventude e Promoción da Lingua



Terras de Auga e Cultura

PROGRAMA DE VISITAS POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA 2014

Do 17 de abril ao 28 de decembro de 2014

Inscripcións no 010 (982 297 350 para chamadas de fóra de Lugo) e na Oficina Municipal de Turismo – CIM (982 251 658)

Data	Temática	Destino	Itinerario
Xoves 17 de abril	Patrimonio	Santalla de Bóveda - San Pedro de Mera	Aldea de Bóveda - Templo tardorromano - Aldea de Cabanas - ruta do Vello Lugo Agrario - Camiño Primitivo ata San Pedro de Mera
Venres 18 de abril	Natureza	As Ribeiras Altas, Miño Arriba	Ruta circular a carón do Miño que parte da Ponte Romana. Son 11,5 km. Xantar nun punto intermedio como a área recreativa dos Robles.
Domingo 20 de abril	Etnografía	Camiño Primitivo	Soutomerille - Lugo. Farase a pé todo o traxecto. A visita será guiada por Ricardo Polín.
Domingo 27 de abril	Xeoloxía	Vía Romana XIX de Rubial a Arxemil	Rubial - Vilamarín - Campelo - Adai - Arxemil (11,5 km.)
Domingo 4 de maio	Patrimonio	Rábade - Outeiro de Rei	Roteiro circular a carón do Miño - Casa das Ínsuas - Avifauna - Bonxe
Domingo 11 de maio	Natureza	Lagoa de Teixeira	Visita ós Lagos de Teixeira e a carballeira de Monte Maior. Farase unha procura de anfibios e reptís na zona e gozarse destes hábitats de singular excepcionalidade.
Domingo 18 de maio	Etnografía	Terras do Corgo	Terras do Corgo
Domingo 25 de maio	Xeoloxía	Entre o Chamoso e o Mera	Chamoso - Ínsuas do Miño - A Fervenza - desembocadura do río Neira (15,5 km.) Descanso e xantar na Fervenza.
Domingo 1 de xuño	Patrimonio	O Corgo	Camiño dos Bestilleiros - Tarde no bosque da Fervenza
Domingo 8 de xuño	Natureza	Santalla de Bóveda - Bacurín	Ruta do Vello Lugo Agrario. Pola tarde visita o Centro Avifauna
Domingo 22 de xuño	Etnografía	Camiño dos Bestilleiros e Feira Cabalar de Adai	Camiño dos Bestilleiros (Romeán e Adai) pois este día celébrase a Feira do Cabalo en Adai
Domingo 29 de xuño	Xeoloxía	O Picato	Rota das Penas (10,5 km.): Bacurín - Pena de Fornos - A Pena - Pena da Culpa - O Caínzo - O Picato. Esta visita culminará coas vistas desde O Picato.
Domingo 6 de xullo	Patrimonio	Bacurín - Santalla de Bóveda - Burgo	Aldeas de Valín e Vilanova en Bóveda - aldea de Vigo e Muíño do Paso en Bacurín - Burgo e Capela de San Bartolomeu
Domingo 13 de xullo	Natureza	Rábade - Outeiro de Rei	Ruta das Ínsuas - Lagoa do Rei
Domingo 20 de xullo	Etnografía	Carballido, Bascuas, Gondar e Romeán	Carballido, Bascuas, Gondar e Romeán
Domingo 27 de xullo	Xeoloxía	Vía Romana XIX de Arxemil a Lugo	Arxemil - Coeo - Nadela - Lugo (13 km.)
Domingo 3 de agosto	Patrimonio	O Corgo	Chamoso e Pedrafita (Festa Folk na praia fluvial de Chamoso)
Domingo 10 de agosto	Natureza	Lugo - A Fervenza	A ruta comeza na desembocadura do Rato e remata na Casa Grande da Fervenza.
Domingo 17 de agosto	Etnografía	Rábade - Outeiro de Rei	Rábade - Outeiro de Rei
Domingo 24 de agosto	Xeoloxía	O Corgo	Ruta das Terras Baixas, Terras Altas (10 km.): O Corgo - Guimarás - Lagoa de Gomeán - O Val - Ponte de Aldegunde - Santalla do Alto - Vigo
Domingo 31 de agosto	Patrimonio	Prógalo - San Pedro de Mera	Prógalo - Bacurín - Camiño Primitivo ata San Pedro de Mera - Poutomillos

PROGRAMA DE VISITAS POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA 2014

Do 17 de abril ao 28 de decembro de 2014

Inscripcións no 010 (982 297 350 para chamadas de fóra de Lugo) e na Oficina Municipal de Turismo – CIM (982 251 658)

Data	Temática	Destino	Itinerario
Domingo 7 de setembro	Natureza	Ríos Mera e Rato	A cidade de Lugo ten a honra de posuír unha contorna de excelente singularidade e beleza, con unha excelente representación de carballeiras e de bosque de ribeira. Comézase no Monte Segade e percórrese o último tramo do río Mera, ata o muíño do Tendeiro, e gozando dos excelentes valores naturais desta zona. Posteriormente percorrерemos o río Miño ata a desembocadura do río Rato e percorrерemos as carballeiras que descorren a través das ladeiras deste río.
Domingo 14 de setembro	Etnografía	Rábade - Outeiro de Rei	Rábade - Outeiro de Rei
Domingo 21 de setembro	Xeoloxía	Entre o Chamoso e o Mera	Chamoso - Ínsuas do Miño - A Fervenza - desembocadura do río Neira (15,5 km.) Descanso e xantar na Fervenza.
Domingo 28 de setembro	Patrimonio	Burgo - San Xoán do Alto	Andaina pola parroquia do Burgo, con visita á igrexa de San Vicente e á capela de San Bartolomeu. Do Burgo camiñárase ata San Xoán do Alto e visitarase a aldea de Vilaestévez.
Domingo 19 de outubro	Natureza	Laxosa e arredores	Ruta que percorre os arredores da aldea de Laxosa e que visita diversas zonas agrarias e forestais do Concello de o Corgo. Contemplaremos unha grande cantidade de especies de flora e de fauna asociadas a este tipo de ambientes, aínda que un dos maiores atractivos son as aves forestais e agrarias.
Domingo 26 de outubro	Etnografía	Santalla de Bóveda e Bacuríns	Santalla de Bóveda - Bacurín.
Domingo 2 de novembro	Xeoloxía	Rábade - Outeiro de Rei	Ruta "Polas augas de Rábade" (7 Km.)
Domingo 9 de novembro	Patrimonio	O Corgo	Rábade - Outeiro de Rei
Domingo 16 de novembro	Natureza	Lugo	As agras do sur de Lugo. Pola tarde visita as parroquias de Piñeiro e Ribas de Miño.
Domingo 23 de novembro	Etnografía	Terras do Corgo	Terras do Corgo
Domingo 30 de novembro	Xeoloxía	Rota das Arxilas	Ruta das Arxilas (11,5 km.): Bocamaos - Cardelle - Os Campos - Muxa
Sábado 6 de decembro	Patrimonio	Santalla de Bóveda - San Pedro de Mera	Aldea de Bóveda - Templo tardorromano - Aldea de Cabanas - ruta do Vello Lugo Agrario - Camiño Primitivo ata San Pedro de Mera
Luns 8 de decembro	Natureza	Polas agras e carballeiras de Maceda	A agricultura e a gandería tradicionais xeran unha biodiversidade asociada de grande interese. Aves, mamíferos e moitas especies de plantas están asociadas a este tipo de hábitats humanizados. Percorrерemos os camiños do sur do Corgo para descubrir esta fauna e flora tan próxima a nós
Domingo 21 de decembro	Etnografía	Terras do Corgo	Terras do Corgo
Domingo 28 de decembro	Xeoloxía	Lugo - Adai (O Corgo)	Camiño dos Bestilleiros (5 km.)

